

1º BACHARELATO

Ola a todos, espero que esteamos todos ben!

Como xa vos dixen a algún de vós (os que viñeron á clase “*cos seus móbiles*”), a vida segue, e o curso académico tamén. Como ides vendo polas noticias da televisión é previsible que “polo menos” ata despois de Semana Santa non volvamos.

Estamos ante unha **medida excepcional**, nunha “situación” excepcional pero máis tarde ou máis cedo teremos que volver á “normalidade”. **En tempos excepcionais é cando se proba a valía do ser humano.** Recordade que este non é un período de vacacións, tendes que procurar facer o **voso plan de traballo**, para non desvincularvos coa materia e co instituto. Pero como formando parte da nosa idiosincrasia está a “picaresca” e a procrastinación **imos “obrigatoriamente” a manter un certo contacto**, mediante correo electrónico. Que dicir das excusas??? Poden ser miles!!!

COMO XA VOS DIXEN MOITAS VECES, tendes que ser capaces de estudar pola vosa conta, o profesor, como parece ser máis que nunca neste caso debe servir de guía.

A CONTINUACIÓN APARECEN AS COMPETENCIAS QUE SE DEBEN AVALIAR Ó LONGO DO CURSO EN CADA MATERIA E COMO VEDES ENTRE OUTRAS APARECE A COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER, ... Extracto da programación:

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Competencia de Aprender a Aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Competencia para o Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
7. Competencias en Conciencia e Expresións culturais (CCEC).

CAA

Elaboración de resumos, esquemas e mapas mentais.
Formulación e resolución de problemas e exercicios.
Iniciativa para buscar información, solucións e alternativas.

PLAN DE TRABAJO:

1.- NO caso de que houbera que por unha nota (cousa que dubido moito**):** teño a nota dun exame, teño varias notas de varias actividades; **teño clara a vosa nota**, no caso de ter que poñer unha. É AGORA CANDO ALGÚN DE VÓS SE DÁ CONTA DE QUE NON ENTREGOU OU NON SE ESFORZOU O SUFICIENTE (máis de 1 ou 2, seguro, ou na súa inconsciencia: tanto lle dá). NON SE PODE ANDAR IMPROVISANDO CONTINUAMENTE.

2.-Tendes que ir estudando, pola vosa conta: competencia de Aprender a Aprender. Non vale a idea de eu non sei, non me poño, ..., só ten que haber unha idea na vosa cabeza: hai que facelo, faise e punto.

3.- Cando se volva ó instituto “deste tempo”, que tranquilamente pode ser despois de Semana Santa, facendo unha previsión optimista, seguramente haberá que facer moitos exames xuntos, de distintas materias (como na selectividade ou setembro, ...) non queda máis remedio que ir estudando pouco a pouco. Non só é a cuestión de facer exames, senón que hai que seguir mantendo (por iso o dos correos) unha certa “tensión” de esforzo-traballo-estudo, sen caer nunha excesiva relaxación

4.- **HAI QUE IR PREPARANDO O TEMA 8 E 9; Evolución e Clasificación dos seres vivos.** O tema 8 xa o vimos, xa vos dixen as preguntas básicas (aplicación nun caso da teoría neodarwinista; teoría evo-devo; teoría equilibrio puntuado; especiación, Def: Bioma, Endemismo; Biomas de España.). No tema 9 xa aparecen indicadas as preguntas máis importantes (deste tema creo que só hai 2 preguntas de redactar algo, o resto son preguntas **tipo test**).

✓ Para axudarvos a estudar, que mellor que facer actividades!. Xa deixara en conserxería o tipo test do tema 8 e é de supoñer que todo alumno/a preocupado, con un mínimo de iniciativa, autonomía e ganas de progresar e aprobar terá xa no seu poder. **Para o mércores 18 estaría ben (é obrigatorio) que me enviesdes ó correo unha evidencia (foto, scaneo, ...) “picaresca á parte” do voso traballo, neste caso ACTIVIDADES TIPO TEST (súboas ó DRIVE).** O venres 20 subirei as solucións.

As actividades do tema 9 entregueillas ós que viñeron o venres 13 e súboas tamén ó DRIVE. Teñen que estar feitas para o martes 24 (do mesmo xeito: envío evidencia por correo ,...). **Subo as solucións ese xoves.**

O tema 9 ten máis actividades ó final. Non son complicadas e pódenvos axudar a estudar. Xa falaremos noutro correo delas.

5.- **Subirei ó DRIVE o tema 10 As funcións vitais nas plantas e o tema 11 A función de Nutrición I dos animais,** para que o teñades na man por se a cousa se alonga. Será a teoría do 1º exame da 3ª avaliación (sexa cando sexa).

No DRIVE hai un documento para quen o queira ler sobre as distintas epidemias e pandemias que sufriu o ser humano ó longo da historia. Abstéñanse “aprensivos” !

Quen queira que contacte telefonicamente con el, para resolver dúbidas ou para outro tipo de información, que me mande un correo con un teléfono.

UN SAÚDO, SORTE, E QUE TODO VAIA BEN!!